

## Análise dos resultados da enquisa (3/06/2024). IES Sánchez Cantón

Participación 161 persoas.


En primeiro lugar agradecer a todas esas persoas a súa participación. Antes de ir cos resultados e as opinións expresadas na enquisa debemos aclarar que esta faise para ver a evolución da opinión dos pais e nais sobre EDIXGAL dende a última enquisa sobre este tema pasada hai tres anos. Aclarar tamén que se non se deixaba escoller máis dunha opción no positivo e no negativo era para que se fixera un esforzo en priorizar os aspectos positivos e negativos, se ben, despois se permitía expresar máis argumentos.

Resultados:

### Globalmente, vendo a experiencia da docencia nas materias que se desenvolven na plataforma EDIXGAL, globalmente, diría que é...

Elección múltiple

83 (52%): **Negativa**



64 (40%): Positiva



14 (9%): Non sabe, non contesta



0 (0%): Sin respuesta



### Indique os aspectos que considera positivos da implantación de EDIXGAL no centro

Elección múltiple


45 (28%): **Posibilidade de familiarizarse coas novas tecnoloxías. Acadan a competencia dixital necesaria hoxe en día.**




39 (24%): A opción de dispor dun portátil independentemente das posibilidades económicas das familias




30 (19%): Canle de comunicación profesorado – alumnado. Posibilidade de contacto directo co profesorado fóra de clase.




17 (11%): Multitude de recursos coa posibilidade de que o profesorado personalice o contido ao alumnado.



13 (8%): Comodidade. Non teñen que levar tantos libros ás costas. Evita libros e papel



10 (6%): Motivador, polivalente, novidoso. Unha docencia máis adaptada a esta xeración de nativos dixitais.



7 (4%): Posibilita unha docencia baseada no desenvolvemento de proxectos e que supera o marco da aula



0 (0%): Sin respuesta



Se na anterior pregunta non se contempla unha resposta máis acorde co seu punto de vista pode expresalo neste espazo

Texto largo

• **133 (83%): Sin respuesta**

Aquí había que **expresar aspectos positivos** non elixidos na elección anterior que consideramos importantes, **pero as persoas que cubriron este apartado expresaron maioritariamente aspectos negativos**, deixando caer xa a súa oposición ao proxecto ou comentando algún aspecto positivo, pero indicando matices.

Agrupando as respostas poderíamos dicir que neste apartado se comenta:

- *“Aprenden **mejor los conocimientos si pueden manejar un libro físico. Para responder a ejercicios lo veo bien y aprender competencias digitales también pero deben pasar menos tiempo con pantallas. Además muchas veces hay que imprimir los temas y supone gasto de dinero e incomodidad para el estudio. Al imprimir los temas el resultado es a veces 50 páginas por tema, incómodo para estudiar**”.*
- *“Discrepo coa “comodidade”, pois ao final teñen que **ir cargados igualmente con libros tan pesados como os de Matemáticas e Historia, que non están trimestralizados e con libretas. Algunha asignatura ofrece a posibilidade de descargar e imprimir arquivos en PDF para estudiar, pois realmente sufren unha sobreexposición a pantallas dixitais que considero que perxudican a saúde, causando dor de cabeza e fatiga visual. Aparte de Edixgal, outras asignaturas colgan contidos na Aula Virtual, co cal ao fin están saturados de contidos e información. Sí consideramos unha vantaxe que calquera teña a súa disposición un ordenador para poder realizar traballos, buscar información, etc. cando por cuestións económicas non pudiera dispor dun propio**”.*
- *“Me parece positivo que se adapten a las nuevas tecnologías, pero **no como única herramienta de trabajo**.”*
- *“**Aforro en libros de texto**”*
- *“Despois da experiencia de moitos anos **NON lle vemos nada positivo**, pola contra, pensamos que os libros y escribir nestes tempos que vivimos e moi moi importante e o ordenador, é unha **pantalla mais que los distrae e os contidos non son buenos**.”*
- *“**Esta ben para familiarizarse coas tecnoloxías e incluso comodidades pero o uso de pantallas e excesivo. Vai sempre cargado. Para materias prácticas está ben pero para memorizar e leer prefire o libro en papel**.”*
- *“**Es bueno para que aquellos profesores aptos para el uso de las nuevas tecnologías usen multitud de recursos**.”*
- *“**Lo consideramos positivo, pero no excluye otros recursos. Una parte de las razones de su implantación, que fue sustituir al libro en papel no se cumplió, simultaneando ambos sistemas, lo que repercute en el gasto de las familias y en la carga para el alumnado, que lleva en la mochila el libro y el portátil**.”*
- *“Aparte de valorar negativamente el **desorden que existe. La poca claridad . La dispersión : a unas materias se entra por una URL a otras por otra . Unos profesores lo utilizan para comunicar , otros no , otros se limitan a colocar múltiples URL de consulta. Me parece que no aporta nada a una buena pedagogía. Las TIC se deberían enseñar como asignatura: hojas de cálculo procesadores de datos , data mining IA... TICS no consisten en tener libros digitales**”.*

## Indique os aspectos que considera negativos da implantación de EDIXGAL no centro

Elección múltiple

47 (29%): **Ao final temos que imprimir os temas para estudialos pois na pantalla resulta complicado. Teñen moitas fronteiras aos que atender: edixgal, aula virtual, email. En fin prefiro o uso do libro.**

38 (24%): Non se utiliza en todas as materias polo que ao final teñen que cargar tamén cos libros

32 (20%): Xera distracción e dispersión nalgún alumnado. Ao estar conectado fai de todo menos traballar. É unha vantaxe só para alumnado moi responsable e maduro.

15 (9%): Pásanse un número de horas moi elevado diante de pantallas.

11 (7%): Deixan de traballar con papel que para suliñar e poñer notas á marxe é importante

7 (4%): Non está integrado todo na mesma plataforma e as veces resulta complicado dar coa información precisa e as tarefas. Páxina pouco intuitiva, liosa.

7 (4%): Non se aproveita o potencial do formato virtual. Traballan con Edixgal do mesmo xeito que co libro tradicional

4 (2%): O risco dunha caída ou dun mal uso do portátil

0 (0%): Sin respuesta

**Se na anterior pregunta non se contempla unha resposta máis acorde co seu punto de vista pode expresalo neste espazo**

Texto largo

- **114 (71%): Sin respuesta**

**Un gran número das persoas que contestaron neste apartado indican que se puideran engadirían todas opcións restantes que deixaron sen contestar porque resume o negativo do proxecto.**

Recollemos outras opinións:

- *“ Esto debería ser un complemento no un sustituto de los libros. Y para empeorar las cosas, en los centros que disponen de este sistema, **los alumnos no cuentan con ayudas para la adquisición de libros**, que no son pocos los profesores que los piden. Este curso en nuestra familia casi fueron 200€ en libros, y sólo hay un niño, no me quiero imaginar en las que hay más de un hijo. Lo dicho este sistema es pésimo. Que den ayudas para libros o acceso al fondo de libros. **Ordenador casi lo tiene todo el mundo, y sino, en las bibliotecas los hay**”.*
- *“Tamén considero aspectos negativos que ao final é mellor imprimir os temas para facer anotacións, subliñados e esquemas, aínda que se aforra en libros ao final **hai que pagar a reparación do portátil** (cuestión que abordarei noutro apartado) ou no seguro e **o contido dos temas non me parece atractivo visualmente** (textos extensos sen separacións que o fagan máis fácil de entender) e os exercicios **un pouco floxos**.”*
- *“Os temas das editoriais dixitais son dunha calidade pésima, mal estruturados... **incluso con erros en LG**. Dificulta ás familias o seguimento do alumnado, que estudar día a día. As veces hai un tema enteiro aberto e non todos entra... Para compensar , hai ás veces ligazóns, e **é moi difícil a organización das tarefas diarias**.”*

- **“Trabállase do mesmo xeito que o libro tradicional, non poden traballar sobre os textos suliñando ou facendo notas aos marxos. E o máis importante: agora cargan cos libros, cadernos, material e tamén co ordenador. A mochila ten superados os 10 kilos de peso.”**

Despois de ter feita a reflexión se lle volve a pedir a opinión global para ver se hai variación no expresado ao comezo. O resultado é o seguinte:

### Despois de ter reflexionado nas vantaxes e nos posibles inconvenientes, a súa opinión global sobre Edixgal é...

Elección múltiple

91 (57%): **Negativa**



52 (32%): Positiva



18 (11%): Non sabe,, non contesta



0 (0%): Sin resposta



Como podemos observar aumentou en 8 persoas as que atopan negativo EDIXGAL e en 4 as persoas que non saben, mentres que 12 que antes expresaron unha opinión positiva agora non o fan polo que cabe concluír que se repartiron nas outras opcións.

### Advirte vostede algún cambio metodolóxico significativo nas materias onde se usa EDIXGAL?

Casillas de verificación

49 (30%): **Non houbo ningún cambio**



41 (25%): Algo



30 (19%): Non sabe, non contesta



28 (17%): Bastante



18 (11%): Totalmente



0 (0%): Sin resposta



## Custoulle ao seu fillo/a adaptarse ao uso da plataforma EDIXGAL, toda vez que este sistema usa o software libre?

Elección múltiple

100 (62%): Nada

48 (30%): Un pouco

13 (8%): Moito

0 (0%): Sin respuesta

## Onde cre vostede que están os maiores riscos no uso de EDIXGAL?

Elección múltiple

70 (43%): Nas dificultades de concentración para o estudo pola estimulación constante creada polas pantallas

39 (24%): No tempo que pasan entre pantallas.

19 (12%): No risco que se dispersen e non atendan ao profesorado

15 (9%): Nun uso non educativo do portátil

11 (7%): Na dificultade de atopar os contidos e os exercizos que deben traballar. O meu fillo/a está moi perdido

7 (4%): Nunha posible perda ou golpe do portátil

0 (0%): Sin respuesta

**Se na anterior pregunta non se contempla unha resposta máis acorde co seu punto de vista pode expresalo neste espazo**

Texto largo

- 131 (81%): Sin respuesta

Aquí expresaron a súa opinión 30 persoas. A maioría indican que se puideran sinalarían moitas das que se propoñen na anterior cuestión: **“Estamos dacordo con todas as opcións anteriores, pero só deixa marcar unha”** .

Recollemos, non obstante, algunha outra que se aparta dos argumentos anteriores:

- “No hay nada como un libro, papel y lápiz. Son **muy jóvenes para estar tanto tiempo detrás de una pantalla**. Ya tendrán tiempo de ello.”
- “Teño constancia de que **durante as clases aproveitan para facer usos distintos do portatil**. Conéctanse ás redes, xogan cos xogos preinstalados, mandanse correos electrónicos e mesmo ao WhatsApp que teñen instalado no ordenador. **O docente non pode estar a explicar e ao mesmo tempo a controlar as pantallas de 25 ou 30 alumnos**. O alumnado desenvolveu unha habilidade natural para cambiar de pantalla dun xeito fugaz para esquivar o control dos profesores.”
- “Creo que **se perden aspectos esenciais como a escritura, a ortografía.**”

- “No posible deterioro dun portátil que xa ten un ano e o fagan pagar como se fose un novo. Un timo absoluto”.

Tamén houbo quen expresou o seguinte: “**Non vexo riscos senón vantaxes, marquei un porque non me daba opción a enviar.**”

**De 1 a 5, como cre vostede que era o estado global do material entregado ao seu fillo polo centro cando o recibiu por primeira vez(maletín, ordenador, cargador...)**

Desplegable

68 (42%): 4 (bastante bo)



34 (21%): 3 (Regular, algunha cuestión puntual, pero funciona ben)



28 (17%): 5 (Moi bo)



20 (12%): 2 (aspecto de ter pasado por moitas mans e algunha deficiencia inicial )



11 (7%): 1 (Mal: carcasa con deficiencias, carteira moi vella, déficits de funcionamento...)



0 (0%): Sin respuesta



**De 1 a 5, como cre vostede que está tratando o seu fillo/a o material entregado?**

Desplegable

86 (53%): 4 (bastante ben)



68 (42%): 5 (Moi ben)



5 (3%): 3 (regular)



2 (1%): 1 (moi mal)



0 (0%): Sin respuesta



0 (0%): 2 (bastante mal)



## Asinou vostede un seguro sobre o material entregado?

Casillas de verificación

108 (67%): Non



35 (22%): Sí



18 (11%): Non sabe, non contesta



0 (0%): Sin resposta



## Se non ten cuberto o seguro, podería indicar a razón?:

Texto largo

- **95 (59%): Sin resposta**

Aquí contestaron 66 persoas e os motivos aducidos son os seguintes por orde de maior a menor frecuencia de resposta:

1. O seu custe económico
2. Porque consideran que o fillo ou a filla debe responsabilizarse do coidado dun material que non é da súa propiedade.
3. Porque non saben como contratalo
4. Porque non cubre a perda do aparato

Recollemos tamén algunhas argumentacións doutra índole:

- *“No vamos a hacernos cargo de los desperfectos generados por el uso continuado durante varios años de un dispositivo viejo, es un gasto extra”.*
- *“O ano pasado o meu fillo entregou o equipo cun pequeno golpe nunha esquina. Consideraron que non era un dano estético e tiveron que pagar a reparación da carcasa enteira. O mesmo lle pasou a mais compañeiros, o 95% dos alumnos de sexto. A miña sorpresa foi cando este ano lle entregaron un equipo máis vello que o do ano pasado e en moito peor estado do que o devolveu o meu fillo, polo que entendo que ao alumno que o entregou así non o obrigaron a reparalo, coas tres esquinas defectuosas por golpes, incluso con falta de carcasa por unha delas. Por suposto o meu fillo o puxo en coñecemento do docente que o xestiona e díxolle que eran danos estético”.*
- *“Porque si hay gratuidad en libros no es logico q debamos correr con gastos extras en un material que es del centro”.*

**No caso de ter algunha incidencia, podería indicar de 1 a 5 o grao de resposta da coordinación de EDIXGAL no caso de ter un problema técnico**

Desplegable

76 (47%): **4 (bastante boa)**



44 (27%): 3 (regular)



25 (16%): 5 (moi boa)



8 (5%): 1 (moi mala)



8 (5%): 2 (mala)



0 (0%): Sin respuesta



**Cre vostede que mellorou a competencia dixital do seu fillo dende que traballa con esta plataforma?**

Casillas de verificación

71 (44%): **Un pouco**



44 (27%): Bastante



30 (19%): Nada



19 (12%): Sí, totalmente.




0 (0%): Sin respuesta






**A competencia dixital consiste na adquisición de destrezas na alfabetización informacional, comunicación, creación de contidos, uso responsable e resolución de problemas. En que aspectos dos citados hai un progreso evidente no seu fillo/a?**

Elección múltiple




**Cre que esas destrezas están sendo abordadas no centro?**

Casillas de verificación



**Que lle parece a calidade dos materiais dixitais que ofrecen as editoriais que acompañan ao programa?**

Casillas de verificación



## Se lle dixeran que o centro vai abandonar o programa de EDIXGAL, pareceríalle

Casillas de verificación

87 (54%): Ben

38 (24%): Mal

24 (15%): Resúltame indiferente

12 (7%): Non sabe, non contesta

0 (0%): Sin respuesta

Vemos nesta resposta que **as persoas que están en contra do programa manteñen unha solidez nas súas posicións**, mentres que as persoas que ao principio dicían que era positivo foron movéndose ao longo do proceso de elaboración da enquisa de forma que medra unha certa indiferencia, se ben hai unha cuarta parte dos enquisados que defenden o programa dunha forma sólida.

**Para rematar, e agradecendo que vostede teña chegado ata aquí, se cre que hai algo importante sobre este tema que non se recolle na enquisa e que lle gustaría trasladar pode comunicalo neste espazo final.**

Texto largo

- **114 (71%): Sin respuesta**

*Reproducimos algunhas que din algunhas cuestións lixeiramente diferentes ao exposto anteriormente para non reiterar argumentos xa esgrimidos:*

- **“El programa me parece un querer quedar bien y nada más, no es útil y complica el estudio. Las destrezas digitales de mi hijo no las ha adquirido ni mejorado gracias a este programa.”**
- **“Los centros deberían tener la posibilidad de escoger el nivel de digitalización. Algunas cosas son buenas y otras no, pero según nos comentaron, tienen que aceptar todo el paquete. El ordenador en sí es útil para algunas cosas puntuales, pero los niños tienen que cargar con él todos los días porque no se puede dejar en el centro, con los libros, libretas... el peso es escandaloso. Con contenidos adecuados el aprendizaje digital es más ameno, pero un libro, apuntes y libretas son imprescindibles en muchas materias”.**
- **“Non vexo recomendable anular o uso do ordenador. O ideal sería ter equipos informáticos para que os poidan usar en determinadas sesións e traballar o resto mediante libro de texto e fotocopias /material complementario. Vexo importante que sigan facendo investigacións, presentacións, etc”**
- **“Considero que non se debería retirar na súa totalidade pero si fortalecer máis o uso de material a papel, para dimuír o uso das pantallas e para familiarizarse ca búsqueda de contidos nos libros, na biblioteca ou a elaboración de traballos manuais que fomentan outro tipo de creatividade e relacións máis persoais a nivel de equipos de traballo entre o alumnado.**
- **“En mi opinión volvería al libro en todas las materias, crearía una asignatura diaria para enseñar todo lo relacionado con la digitalización, uso de ordenador, programas etc , no se trata de dar la espalda a la digitalización, es necesaria pero en las dosis adecuadas”**
- **“Sería mou positivo que poideran traballar todas as materias a través da plataforma, podendo así prescindir de libros, libretas e tanto peso ao lombo a diario.”**

- “Que poñan **máis editoriais para que o profesorado poida escoller**. Está mal configurado, ten pouca capacidade para algunhas cousas: vídeos... **A veces non funciona e non avisan. Os nenos tolean**”.
- “O uso do e-Dixgal é **un asunto exclusivamente pedagóxico** e este é competencia do profesorado, **non da opinión das familias**.”
- “Vamos a ver, edixgal tiene ventajas en el sentido de que **TODOS los niñ@s tienen un portátil** y aprende a desenvolverse con el ,no todo el mundo puede acceder a que cada hijo tenga uno,pero creo que esta mal planteado **debería de utilizarse en todas las asignaturas** poq realmente van con muchísimo peso al instituto. Además deberían de poder **dejarlo en clase en cajetines con llave** me parecería más lógico y que el profesorado se implicara en gestionar este recurso es decir hacer las clases más interactivas obligando así a la participación **REAL** de los alumnos”.
- “**Non creo que estea mal o EdixGal, pero creo que está mal implantado**: o profesorado da os contidos como se fose papel; o alumnado perde a súa capacidade de esforzo porque “**copia e pega**” e aínda que teñen acceso a moita **información eles non saben filtrala**, polo que non entenden ben o que teñen que estudar e pérdense. Moitas grazas”
- “Me parece una pérdida de recursos en el aprendizaje de mis hijos. Cada niño es diferente pero cuando se tiene **un hijo con refuerzo educativo esta opción no es la más correcta por la pérdida de tiempo y la pérdida de dinero**”.
- “Sendo un tema delicado, que admite posicións a favor e en contra, penso que o idóneo sería optimizar os recursos educativos de xeito que **se introduzan paulatinamente** o uso da tecnoloxía no alumnado a medida que medran, e de éxito adaptado a súa idade. **Non me parece lóxico que un rapaz de 11ou 12 anos teña acceso aberto a internet cos recursos de edixgal**”
- “Penso que co apoio da aula virtual (como axuda e complemento) non é en absoluto necesario seguir tendo uns **libros dixitais dunha calidade moi cuestionable** e abandonar en moitas materias o traballo do escritura resume, lectura e mapas conceptuais...Particularmente prefiro gastar os cartos en libros de texto que seguir con este sistema “**gratuito**”.
- “Suponse que esta xeración son nativos dixitais pero **o único no que son hábiles e en manexar comandos de xogos**. Que sean capaces de manexar unha pantalla non os convirte en mais competentes. Fanse competentes se usan plataformas para crear contido como Genially, Canva ( que xa o fan), Excel, Word. **O uso das IA non debería ser unha ameaza para os docentes**, senón unha oportunidade de aproveitar un xeito novo para a aprendizaxe”.
- “Penso que **o tema dixital para intercambiar información co profesorado está ben**. Pero penso que **casi todos teñen ordenador na casa ou tablet**. Sí debería cubrirse a necesidade das familias que non poidan costear o ordenador ou internet. Para o resto non creo que sexa necesario andar cargando co ordenador. Ou que o teñan na aula ou na casa”.
- “Por favor, **volvamos a los libros** desde ya, para todos los cursos, soy madre de 3 hijos en edad escolar y este tema es un problema. Muchas gracias”.
- “Penso que o centro e o alumnado debería contar cos equipos, para poder seguir facendo os traballos e avanzando no uso das tecnoloxías, pero **non como ferramenta de contidos**. Neste senso deberíamos escoitar ós mestres, porque o que funciona nun ámbitos, ou cuns colectivos, pode non funcionar noutros”.